


A IDADE MEDIA PLENA: O FEUDALISMO



"A sociedade feudal na Europa medieval" (Simeon Netchev CC BY-NC-SA 4.0)



ÍNDICE

A IDADE MEDIA PLENA: O FEUDALISMO

| | |
|--|----------|
| 1. O FEUDALISMO: CARACTERÍSTICAS E EVOLUCIÓN..... | 1 |
| 1.1 A orixe do feudalismo..... | 1 |
| 1.2 A vasalaxe..... | 1 |
| <i>A cerimonia da homenaxe.....</i> | <i>2</i> |
| Feudo..... | 2 |
| 1.3 A sociedade feudal..... | 3 |
| 2. A EXPANSIÓN DO CRISTIANISMO NA IDADE MEDIA. O MONACATO..... | 5 |
| 3. A ARTE ROMÁNICA: O CAMIÑO DE SANTIAGO..... | 6 |
| 3.1. O Camiño de Santiago..... | 7 |
| <i>Exercicios.....</i> | <i>9</i> |
| SOLUCIÓNS..... | 10 |

1. O FEUDALISMO: CARACTERÍSTICAS E EVOLUCIÓN

O **feudalismo** é un sistema político, económico e social que **se desenvolveu en Europa a partir do século X** e que alcanzou a súa máxima plenitude entre os séculos XII e XIII.

O feudalismo baseouse no **establecemento dunhas relacións de dependencia entre os diferentes estamentos**.

Estas relacións de dependencia foron principalmente dúas: a **vasalaxe** e a **servidume**.

1.1 A orixe do feudalismo

Logo da división do Imperio Carolinxio aumenta a debilidade en Europa e agrávase coas invasións.

Entre os séculos VIII e XI houbo unha segunda onda de invasións protagonizada polos viquingos (normandos), os maxiares (húngaros) e os sarracenos (musulmáns), que crearon inseguridade na sociedade da época (as torres de Catoira feitas contra os viquingos).

A debilidade dos reis e a situación xeral de inseguridade conduciron a unha nova forma de organización da sociedade que chamamos **sistema feudal ou feudalismo**.

1.2 A vasalaxe

Os monarcas, para defender o seu territorio, pedíanlles axuda aos **nobres** para loitar contra os novos invasores e establecían **relacións de vasalaxe** cos **nobres**.

A **vasalaxe** era un pacto de fidelidade establecido entre o rei e os nobres.

A cambio de **fidelidade e axuda militar**, os nobres recibían un territorio que se denominaba **feudo**, e pasaron a converterse en **señores feudais**.

Este proceso formalizábase a través da **cerimonia da homenaxe**.



O rei Harold xura ante o duque Guillermo, ano 1070 (Creative Commons CC0 1.0 Universal)

A cerimonia da homenaxe

A **cerimonia da homenaxe** constaba de dúas partes:

- A **homenaxe** ou o xuramento de fidelidade do vasalo ao señor, consello no goberno e axuda militar.
- A **investidura** ou entrega do beneficio ou feudo.

Feudo

Na época feudal a vida estaba baseada nos **feudos**, eran as terras que un vasalo recibía a cambio de dar servizo militar ao rei.

Cada **feudo ten un castelo ou un señorío**, cunha ou varias casas, terras para cultivar e bosque.

Os nobres vivían no castelo ou nunha gran casa (**señorío**).

O **señor feudal tiña dereito de xurisdición** sobre todas as terras do feudo e a **cobrar tributos e polos servizos do feudo** (pontes, muíños, fornos, etc).



"Ilustración medieval que representa campesiños traballando a terra e aproveitando outros recursos como a madeira ou a pedra" (Gilles de Rome CC BY-SA 4.0).



Partes do feudo:

- **Reserva señorial:**

O señor feudal reservábase as mellores terras (**reserva señorial**) e traballábanas os seus servos.

Estaba formada, ademais, de bosques, que proporcionaban caza e leña.

Nela atopábase a súa residencia (o castelo, mosteiro...). Había ademais todo tipo de construcións: o muíño, o lagar, a ferraría e o forno, instalacións que os campesiños podían utilizar a cambio do pagamento dunha taxa.

- **Mansos:**

Os **mansos** ou parcelas que o señor cedía aos campesiños para a súa subsistencia a cambio do pagamento dunhas rendas ou de parte da colleita, de traballar de balde na reserva cando fose reclamado polo señor e de cumprir co dereito que tiña o señor de cobrar unha taxa por facer uso do forno, do muíño, da ferraría...

Había tamén **terras propiedade de campesiños libres (alodios)**.

1.3 A sociedade feudal

Está formada por tres **estamentos**:

- **A servidume**

Nesta época, debido á inestabilidade polas invasións e as guerras, a xente preferiu vivir nos feudos que nas cidades (a isto chámase **ruralización**).

Os campesiños pedíronlles axuda aos nobres, a súa protección, posto que tiñan castelos fortificados e os seus propios exércitos.

O nobre garantíalles protección e entregáballes terras, a cambio estes debíanlles entregar parte da súa colleita e someterse á súa xustiza, convertíanse en servos dun señor feudal.

Son a base da sociedade e a máis numerosa, os **non privilexiados**, pagan impostos e tiñan que manter os outros dous estamentos. Distínguense entre artesáns e labregos.

- **O clero e a nobreza**

Son os **estamentos privilexiados**, cobran impostos e tiñan todos os dereitos. Uns dedicábanse á Igrexa e os outros á guerra.

- Por riba de todos estaba só o **rei**, aínda que ás veces con non moito máis poder, pero a el todos lle debían vasalaxe.



Estamos por tanto ante unha **sociedade pechada** onde non se pode ascender socialmente xa que o teu estamento está marcado polo nacemento (os poucos casos de ascenso social son por motivos extraordinarios: actos militares...). Co paso do tempo, a nobreza vai perdendo poder a favor do rei, que se apoia cada vez máis na **burguesía** (habitantes das cidades) que, grazas ao auxe das cidades, medra economicamente apoiándose nas **cartas de privilexios** que o rei lle concedía a cambio de impostos. Para iso refórzanse as **Cortes**, onde se reunían os tres estamentos co rei e podían ser escoitados.

2. A EXPANSIÓN DO CRISTIANISMO NA IDADE MEDIA. O MONACATO

A Igrexa medieval foi unha institución feudal, xerarquizada igual ca a sociedade:

O **papa** na cúspide. Os **cardeais**, logo os **bispos** e, na base, o **clero**, que podía ser *secular*, que eran os curas ou os bispos, os que levaban as parroquias; e o *regular*, que se dedicaba á oración (frades e monxas). Tanto uns coma outros tiñan grandes feudos e o dereito de cobrar o **décimo** para manter o culto e o clero. En moitos casos chegaron a ter extensións enormes.

A importancia do **monacato** foi enorme. **San Bieito de Nursia**, no século VI, fundou a súa orde relixiosa coa súa regra: "Ora et labora", que se espallou por toda Europa. Sería despois de que o papa Gregorio VII reformara a liturxia cristiá e reforzara o poder do papa de Roma, onde as ordes relixiosas alcanzaron o seu máximo esplendor. A súa misión era entregar a vida á oración para ter un contacto mais próximo a Deus. Para iso tiñan a vida regulamentada ao máximo e moitos tiñan votos de pobreza, castidade, obediencia e silencio.

Os **mosteiros** tiñan unha estrutura similar, pero dependían moito da súa riqueza, uns tiñan media ducia de frades e outros centos. Tamén houbo monacato feminino pero xeralmente foi urbano.

Os traballos que facían eran normalmente agrícolas e de estudo. A cultura conservouse na Idade Media grazas ao traballo dos copistas, frades que copiaban os clásicos ou facían obras novas. Son de destacar obras como o *Códice Calixtino* da catedral de Santiago de Compostela. Tamén difundiron técnicas agrícolas e axudaron a mellorar os rendementos agrícolas. En Galicia, introduciron as castes de viño máis importantes como a mencia e a albariña.

Temos mosteiros tan importantes coma o de Sobrado, Caaveiro, Samos, Montederramo, San Pedro de Rocas, A Armenteira ou O Carboeiro, entre moitos outros.



Mosteiro de Santa María do Aciveiro, Forcarei, Pontevedra (José Antonio Gil Martínez CC BY 2.0)

3. A ARTE ROMÁNICA: O CAMIÑO DE SANTIAGO

Como fomos vendo, a Igrexa cada vez reforza máis o seu poder, xa que ten o monopolio do poder relixioso e para iso o **papa Gregorio VII** impón un modelo de igrexa onde facer a liturxia (a misa). Este **primeiro estilo de arte internacional** chamarase o **románico**.

Dentro da arte románica destacará por riba de todo a **arquitectura**, a maior parte relixiosa, con igrexas, catedrais e mosteiros, e tamén edificios civís como castelos e hospitais.



"Igrexa de Santa María de Cambre, A Coruña" (David Alonso Pérez. C C A-Share Alike 2.0 Generic license).


As súas **características** máis usuais son:

- A **planta de cruz latina** (que recorda a cruz onde cravaron a Xesús) con tres naves. Na cabeceira danse dúas posibilidades: ***Igrexas de peregrinación**, con **deambulatorio** (para poder visitar o templo aínda que haxa culto nese momento sen molestar, como a catedral de Santiago). ***Igrexas con ábsida**, rematan as naves na cabeceira con capelas independentes.
- A **cuperta** das naves faise con **bóveda de canón soportado por piares** (unha cuberta de medio cilindro que cobre a superficie entre dous puntos) e a nave central, máis ancha e alta ca as laterais que descargan o peso e rematan exteriormente con **contrafortes**. Por fóra un tellado a dúas augas.
- Unha **torre** ou dúas para os **campanarios**.

- Todo isto sustentado con **arcos de medio punto**, elemento construtivo básico e identificativo do románico sustentado sobre columnas que tiñan normalmente capiteis historiados con vidas dos santos ou escenas relixiosas ou decorativas.
- As demais artes, **a escultura e a pintura** están sometidas ás necesidades da arquitectura.
- Na **catedral de Santiago** temos as tres artes representadas no seu esplendor.
- Así, as **igrexas románicas son**: escuras, macizas, con predominio do eixe horizontal. Isto ten unha función didáctica: neste tempo, a maior parte da xente non sabía ler e necesitábase unha linguaxe clara que lle explique o ben e o mal. Chámase a biblia dos pobres e representaba normalmente o Xuízo Final, os malos á esquerda e os bos salvados. O único punto con luz é o **transepto** (onde se cruzan os brazos da cruz latina), que ilumina o altar onde está o sagrario. A asociación **pecado-escuridade, luz-Deus** é moi persuasiva.

3.1. O Camiño de Santiago

No século IX, o bispo Teodomiro recoñece a tumba do apóstolo Santiago o Maior (morto en Palestina e levado aquí polos seus discípulos para agochar o seu corpo) grazas a uns sinais luminosos que lle indican o sitio.



"Os Camiños a Santiago" (Manfred Zentgraf, Volkach, Germany C C A-Share Alike 3.0)

O rei Afonso II manda construír unha igrexa que se converteu en centro de peregrinación. Ademais, dende o punto de vista político, era un milagre, xa que así a capital do



cristianismo da península ibérica saía de Toledo, en mans musulmás, e pasaba a territorio cristián. A noticia espallouse por toda Europa e o papa recoñece Santiago de Compostela como centro de peregrinación (xunto con Roma e Xerusalén).

A partir dese momento o Camiño pasou a ser unha ruta cultural, artística e comercial a través do norte da península, co seu correspondente auxe urbano e económico.

Ademais, o apóstolo Santiago axudou a expulsar os musulmáns aparecendo nalgunhas batallas onde a cousa non ía ben para o bando cristián (Clavijo).

Dende 1630, Santiago o Maior é o patrón de España.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Que é o feudalismo, cando se desenvolveu e en que se baseaba?

Exercicio 2

Que pobos protagonizaron a segunda vaga de migracións cara a Europa nos séculos VIII ao X?

Exercicio 3

Que era a vasalaxe? A cambio de que se facía?

Exercicio 4

De que partes constaba a cerimonia de homenaxe?

Exercicio 5

Que é un feudo? Que partes tiña?

Exercicio 6

A sociedade feudal está formada por tres estamentos, cales son? Quen os forma?

Exercicio 7

Quen foi o iniciador do monacato en Europa? Cal era o seu lema e a que se dedicaban?

Exercicio 8

Cales son as catro características básicas da arquitectura románica?

Exercicio 9

Menciona tres exemplos de románico galego.

Exercicio 10

Resume brevemente o motivo polo cal se converteu Galicia nun centro de peregrinación?

SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Que é o feudalismo, cando se desenvolveu e en que se baseaba?

- O **feudalismo** é un sistema político, económico e social que **se desenvolveu en Europa a partir do século X** e que alcanzou a súa máxima plenitude entre os séculos XII e XIII.
- O feudalismo baseouse no **establecemento dunhas relacións de dependencia entre os diferentes estamentos.**

Exercicio 2

Que pobos protagonizaron a segunda vaga de migracións cara a Europa nos séculos VIII o X?

- Entre os séculos VIII e XI houbo unha segunda onda de invasións protagonizada polos viquingos (normandos), os maxiares (húngaros) e os sarracenos (musulmáns), que crearon inseguridade na sociedade da época.

Exercicio 3

Que era a vasalaxe? A cambio de que se facía?

- A **vasalaxe** era un pacto de fidelidade establecido entre o rei e os nobres.

Exercicio 4

De que partes constaba a cerimonia da homenaxe?

- A **cerimonia da homenaxe** constaba de dúas partes:
 - A **homenaxe** ou o xuramento de fidelidade do vasalo ao señor, consello no goberno e axuda militar.
 - A **investidura** ou entrega do beneficio ou feudo.



Exercicio 5

Que é un feudo? Que partes tiña?

- Eran dúas:
 - **Reserva señorial:**
 - O señor feudal reservábase as mellores terras (**reserva señorial**) e traballábanas os seus servos.
 - **Mansos:**
 - Os **mansos** ou as parcelas que o señor cedía aos campesiños para a súa subsistencia a cambio do pagamento dunhas rendas ou de parte da colleita e de traballar de balde na reserva cando fose reclamado polo señor.

Exercicio 6

A sociedade feudal está formada por tres estamentos, cales son? Quen os forma?

- Un non privilexiado: a servidume.
- Dous privilexiados: a nobreza e o clero.

Exercicio 7

Quen foi o iniciador do monacato en Europa? Cal era o seu lema e a que se dedicaban?

- San Bieito de Nursia. A súa regra era "*Ora et labora*". Á agricultura e á cultura.

Exercicio 8

Cales son as catro características básicas da arquitectura románica?

- Planta de cruz latina con ou sen deambulatorio.
- Bóveda de canón e contrafortes exteriores.
- Arcos de medio punto.
- Torres campanario.

Exercicio 9

Menciona tres exemplos de románico galego?

- A catedral de Santiago, a igrexa de Santa María de Cambre e a capela da Nosa Señora da Lanzada en Pontevedra.



Exercicio 10

Resume brevemente o motivo polo cal se converteu Galicia nun centro de peregrinación?

- No século IX, o bispo Teodomiro recoñece a tumba do apóstolo Santiago o Maior. Avisa o rei Afonso II, que manda construír unha igrexa que se converteu en centro de peregrinación. Ademais, dende o punto de vista político era un milagre, xa que así a capital do cristianismo da península ibérica saía de Toledo, de mans musulmá, e pasaba a territorio cristián. A noticia espallouse por toda Europa e o papa recoñece Santiago de Compostela como centro de peregrinación (xunto con Roma e Xerusalén).